RG-223/1
RG-814/10
BIBLIOTECA VIGO PENZOL

ADIANTE

A NOSA VOZ PREGOA – A REDENZON DA BOA – NAZON DE BREOGAN

ANO II | BUENOS AIRES, XULLO 1955 | NUMERO 4

Loitemos por un pobo Galego ergueito

A nosa Terra está asoballada. Néla non eisisten liberdades. Todos o sabemos moi ben. E a aqueles que temos conscéncia da nosa persoalidade e do crime que se está a cometer coa nosa pátria, doimos. A todos nos doi o sofrimento da Terra e quixéramos véla ceibe, poboada por homes libres e cultos.

A todos nos doi o sofrimento da Terra, mais ¿qué facemos por éla? En xeral, os emigrados, loitamos por Galiza; dun xeito ou d'outro, moito ou pouco, ben ou mal encamiñados. Induvidábelmente a coleitividade galega é unha coleitividade viva.

Algúns dos nosos emigrados —os que coidan que a solución da Hespaña consiste en numerar repúblicas— loitan direitamente nas fieiras republicanas. Non é que esté mal, pois a república en Hespaña (pol-o menos a segunda) era unha cousa moi séria para a inmensa maioria do noso pobo e do pobo catalán; para a inmensa maioria dos demáis era, como quen dí, un hino bailabel.

Estes homes dinnos que non haberá liberdade na Galiza namentras non a haxa na Hespaña. D'acordo, mais, o feito de que a Hespaña sexa ceibe non quere dicir que tamén sexa ceibe a Galiza.

Se a Hespaña se orgaiza de xeito unitário, a nosa Terra non terá liberdade nazonal, e, os homes que pertencen a unha comunidade que non é ceibe non se poden chamar libres, anque gocen individualmente de numerosos direitos cidadans.

Se a Hespaña se orgaiza de xeito federal, ou sexa, estados autónomos unidos por un governo central, estaremos cáseque no mesmo; pois seriamos donos d'unha autonomia relativa, a que nos sería intervida ou suspendida cando o governo central se sintise molesto. Os cataláns coñecen ben este problema pol-o que a eles lles pasou durante o bienio negro da segunda República.

¿Unha federación de repúblicas Ibéricas? É unha boa solución para comenzar a nós entender. Mais, unha pergunta: ¿Van, os hespañois, otorgar unha ausoluta independenza a cataláns, bascos e galegos, para que logo, xunto cos portugueses, formemos unha Comunidade de Nazóns con egalidade de direitos? Unha ollada aos derradeiros cinco séculos de história peninsuar nós demostran que é comenente que non soñemos.

E bon que poñamos os pes na terra, e cavilemos sobor de se non será mais proveitoso para a Galiza que loitemos para que o noso pobo teña conscéncia da sua galeguidade, da sua diferenciación nazonal e do direito à liberdade que ten a sua Terra; e asín, ergueito, seipa defendela diante calquera poder asoballador da península ou de fora.

¡Que o noso pobo se sinta conscentemente galego, que se sinta seguro da sua Pátria Galega, e ninguén será capaz de asoballalo nunca!

O Reino Unido e a Franza contra a liberdade dos pobos

Somente os nazonalistas somos capaces de comprender a todos os pobos do mundo e de sentirmonos irmanados co'eles, respetando a diversidade natural da humanidade. Os que temos as nosas pátrias asoballadas comprendemos aos pobos que loitan pol-a libertade contra os estados imperialistas, asoballadores políticos, económicos, culturaes e sociaes. Os galegos, con cinco séculos de imperialismo castelán a costas, vemos con ledicia o espertar da concencia nazonal en todo o mundo. Somente pol-o trunfo dos principios nazonalistas, basados no respeto pra todos os pobos, poderá o mundo atopar o verdadeiro vieiro da Paz.

O REINO UNIDO E CHIPRE

Chipre, cuia poboación é inmensamente grega, é un dos territórios con que a rapiña inglesa formou o camiño da India. Hoxe, o movimento da "Enosis" (unión con Grécia), ergue por toda a illa a rebeldía contra o invasor. A mocedade chipriota loita desesperadamente pol-a libertade da sua pátria: lémos nos xornaes noticias sobor de folgas estudiantís, arrestos de estudantes, condenas a estudantes...

Son "terroristas", dinnos as aburguesadas e imperialistas axéncias informativas; mais nós ademirámolos e comprendémolos. Tamén no nosa Terra son "bandidos" os que loita pol-a libertade.

A Franza e os pobos do nome de Africa

A Franza ten o séu império colonial disfarzado co moi galante nome de "Unión Francesa". Os territórios do norte da Africa foinos ocupando pol-a forza militar dende principios do século pasado.

Algún, (Arxélia), ata forma parte da metrópoli e seus poboadores son cidadáns franceses; pero con todo non teñen dereito a estudar o seu idioma nativo.

Hoxe esperta en todas partes a concéncia nazonal, Marrocos, Arxéjia, Túnez, recraman a sua independenza. E ante todo isto, a Franza mártir que loitou heroicamente contra a invasión alemâ, impón salvaxemente a sua invasión a 20.000.000 de persoas.

BIBLIOTECA VIGO PENZOL

Os Galegos na Literatura Hespañola

Un dos métodos mais doados que saber que é o que pensa un pobo d'outro, é percorrer as páxinas das suas obras literárias. Délas, as que millor se prestan son as novelas, sobor de todo aquelas nas que os autores tratan de refrexar o esprito d'un pobo ou d'unha época. Por outra banda, todo escritor, é a representación individual d'un pensamento coleitivo; sexa d'unha comunidade, d'unha clase social ou d'un grupo político, etc.

Son ben coñecidos os insultos aos galegos e à Galiza dos grandes e dos pequenos poetas hespañoes do século d'ouro castelán, entre os que se atopan nada menos que un Góngora e un Lope de Vega.

Mais con todo, os exemplos atopanse en todas as épocas; e velaí van dos casos do Século XIX.

Na sua famosa novela "El Capitán Veneno", o escritor andaluz Pedro Antonio de Alarcón pintanos unha criada galega, persoaxe risibel que recebe ao traveso de toda a obra as mais choqueiras bulras, e que nos retrata asín:

"...y una doméstica, imposible de filiar o describir, sin edad, figura, ni casi sexo determinables, bautizada hasta cierto punto en Mondoñedo y a la cual ya hemos hecho demasiado favor, como también se lo hizo aquél señor cura, con reconocer que pertenecía a la especie humana".

Pol-a sua banda, Benito Pérez Galdós, dinos dré cada nalga como un tomate...

—"Dile a ese gallegote" que si voy allí le ponna sua obra "La de Bringas":

(Bringas tenía la mala costumbre de llamar "gallegos" a los brutos, costumbre muy general en Madrid y que acusa tanta grosería como ignorancia)."

EXEMPLO

Fai algún tempo, unha sociedade comarcal galega ("de cuio nome non quero lembrarme"), "honrou" a un integrante das Mocedades, co ofrecimento d'un importante posto. Tratábase de que o irmandiño formase parte da Comisión Direitiva na entidade de marras, da cal é socio, para desempeñar nada menos que o cárrego de segredario.

Coñecendo o caráiter, mais fasteiro que cultural, mais "españolero" que galego, da sociedade "ofertante"; o aludido mozo dixo que aceitaba o posto, pero, c'unha condición: Que a correspondencia, aitas, programas de festas, citas òs socios, e demais, todo se fixese ten idioma galego. Resultado...: A pesares do intrés posto n'il, nin o avisaron pra a Asambleia, nin lle falaron mais do asunto.

Con iste caso, ocurrido en data recente, cando avanza e medra o noso xusto movimiento cultural e político viñemos a confrontar que moitos galegos siguen metidos —conscente ou inconscentemente— no cesto da imbecilidade; na mais entrana inopía. Sosteñen agrupaciós pol-as que incruso se sagrefican, e ò fin... ¡pra nada concreto!

Desgraciadamente sigue habendo no mundo homes que non se deteñen a razoar, nin as cousas mais elementaes que os redoan. D'esa dimensión están "cortados" moitos "direitivos" galegos. De non ser así, ¿cómo xustificar a eisistenza de entidades, que ostentan —entre outros non menos falsos— o tíduo de "culturales", e non somentes lles dan o lombo às cousas mais sinxelas neste senso, senón que ainda lles levan a contra?

A Patria ámase por istinto, e témos a obriga de defendela en todos-os ordes, anque soio sexa por decencia. ¿Cómo deixar de lado o idioma? ¿Es posibel que se chegue a prescindir d'un don tan valioso e natural como a mesma vida?

Dixo Hérder: "A língoa d'un povo, é, a i-alma d'ese povo, feita visibel e tanxibel".

Dende a Torre de BREOGAN

XORNADAS CONMEMORATIVAS DO XIII ANIVERSARIO DO CENTRO PONTEVEDRES

Para conmemorar o XIII aniversário da sua fundación e a inauguración da sua sè social, o Centro Pontevedrés desenrolou durante o pasado mes de abril unha xeira de aitos de outa siñificación galeguista que consistiron en conferenzas de Alberte Vilanova, Emilio Pita e Rafael Dieste, esposición de pinturas galegas do artista vigués Ramón Rivas, a aituación do coro "Brétemas e Raiolas" e unha cea inauguración e aniversário.

Mais o que compre siñificar é o senso auténticamente galeguista que os pontevedreses deron às suas xornadas. Ren de aitos galegos a meias, como outras entidades —inda de primeira fieira—, ren de "españoladas" de contrabando. A diñidade galega do Centro Pontevedrés é exemplo para toda a coleitividade; d'abondo teñen dinificado à terra que recebeu o sangue do Alexandre Bóveda.

HOMAXE DO CENTRO CORUÑES A CASTELAO

Na sua sè social, no casal do Centro Pontevedrés, os coruñeses renderon unha homaxe a Castelao, o 4 de xuño, consistente na descuberta dun retrato de noso guieiro, donado à entidade pol-o pintor arxentino Uxio Díaz. Durante o aito falaron o presidente do Centro Coruñés, Sr. Ricardo Flores; o Dr. Fiz A. Fernández, e o Segredario do Consello de Galiza irmán Alonso Ríos. Aituou o coro "Airiños de Vigo".

Nas verbas dos oradores, no esprito dos asistentes e dos orgaizadores; Galiza, ergueita e liberada no sentimento. As nosas felicitacións.

XIX ANIVERSARIO DO ESTATUTO GALEGO

O 14 de xullo no Centro Pontevedrés a Comisión Intersocietária de Entidades Galegas, celebrou o XIX aniversário da data en que o pobo galego plebiscitou a liberdade da nosa pátria.

O aito contou coa colaboración de D. Ramón de Valenzuela Otero, representante dos governo basco e do Segredário do Consello de Galiza.

A parte artística estivo a cárrego do coro "Brétemas a Raiolas", mañífico xuntoiro de mozos galegos, cun concerto de música popular, símbolo da ledicia con que recordamos a data do Estatuto. Triste se ollásemos para o pasado. Lediciosa porque ollamos para o porvir.

CADEIRA DE CULTURA GALEGA NO CENTRO LUCENSE

A cárrego do escritor galego Eduardo Blanco Amor, como no ano derradeiro, estarán neste) os cursos de Cultura Galega, organizado pol-o Centro Lucense. A primera conferenza foi ditada o 25 de xuño na sede que ten en Olivos a entidade patrocinante, e estava adicada ao estudo de tres fortes persoalidades da Galiza Román: Idácio, Paulo Orósio e Prisciliano.

É induvidabel que a decisión do Centro Lucense constituie, non só un acertado aporte ao conecemento das vaores da nosa Terra na Arxentina, senón tamén un laudatórico esforzo na elevación do sentimento nazonal galego na poboación emigrada; por elo comprácenos en felicitar às suas autoridades.

A nova xeneración galeguista loita pol-a conservación d'esa i-alma, e traballa pol-o seu espandimento. ¡Abonda de trangalladas e astraición! ¡Non mais iñorancia vontaria!

Agardamos que sirva de exemplo a lóxica i-espontánea aititude do mozo galego, e que esperten do seu vergoñento sono as sociedades que por ahí falan de "Cultura'.

O Galego, Veículo Musical

(Para ADIANTE)

por ANTON SANTAMARINA DELGADO

Galicia, trasunto fidel do espritoal ò artístico. Refréixo prástico do ideal. Culmiñacion da beleza nos cantos busólicos. Música da paisaxe. Armonio da criacion. O orballo, diapason regoador de notas nos regatos cantarís. Melodía sen fin. Os piñéiros, xordo rumor decorativo dun vento pastoril. Os rios, relanzos ancestrás cal ondas transmisoras do armónico compás lírico. Os prados, moiteverde paeta dun pintor omniscente. Omnibeldade. Espellismo do Eden Bíblico.

Seu idioma, espresion fidediña, doce, armoñosa. Prasmacion poética na sua máis prosáica espresion. Insuperábel retrato da alma, do meio, do sentir galáico. Lírica poética. Místico acento. A máis acabada representacion do belo, Galicia, é suscetíbel de se cantar en virtude do seu tan fermoso romance, o galego. Móitipres e variadas son as caraiterísticas que individualízan e dan persoalidade a este idioma. Riqueza de matices vocás, troncamentos, dutilidade, elasticidade, carencia ausoluta de rixidéz académica. Inmenso na sua adatabilidade a modulaciós musicás. Modelábel sen perder vigor nen espresividade. Acordante co ritmo concebido pol-o xenio artístico do compositor. Por simpatía à paisaxe o idioma de Galicia é poesía do campo, do val, da montana. É música do vento no piñéiro, da chuvia no reguéiro, do rio no oucean.

O idioma é a manifestacion da estrutura xeográfica; do conxunto, do meioambente. A dozura da paisaxe. A rubicundéz das montanas. O mansedume dos rios. O temperado fogo do sol. A lua bulidéira e garimosa. En fin, Galicia, bela, fermosa, garrida, crióu o seu idioma a imaxe e semellanza. Coma Galicia, a sua lingoaxe é perenne. Coma Galicia, ten de se erguer do ostracismo. Ten de ser reivindicado. Non pódese deixar esmorecer o piar que manten a sua outiveza a pesares da iniquidade. Se o idioma mantense por si mesmo é mester non lle negar o impulo do cotian uso. Galego fálan as fontes. Galego fálan as prantas. Galego fálan os ventos. Galego fálan os piñéiros nos seus queixumes. Galega é a sua conversa cos cumes. Galega é a sua soflama que fala de liberdade no seu galego zoar. Galega ten de ser toda espresion do pobo da Galicia. Tense de atinxir a reivindicacion do idioma galego. Esa reivindicacion non está sòmente na prosa e na poética. O idioma da Galicia ten de superar o enxebrismo musical sen desbotalo. A sua categoría lírico-poética así o eisixe. O galego non pide logar, recrama o seu posto no concerto das lingoaxes cultivadas. O cume dese ámbito conquerirán cando se péchen as portas da incomprension. Cando a nosa música i a da península o téñan en conta. Prexuizos incomprensibes non permíten que esto aconteza. A riqueza musical do idioma galego non debe ser esquecida. A categoría lírica da Iberia veráse medrar ata parangoarse coa da Italia. Euterpe e Polimnia téñen de ver nestas duas penínsuas mediterrás às suas máis fideles cultoras. As duas Musas xunguidas no canto seléito. Na mañifestacion oral da música e da poética conxuntadas.

* * *

A fala galega amostra todal-as caraiterísticas que a instálan na priméira fía dos idiomas peninsuares.

O "euskera" é doce ò ouvido. Semella o trote lene do cabalo. O deslizamento das augas sobor dos coios nunha cascada lingoística. Mais a limitacion i anterguidade fanlle inaicesíbel a universalidade. Non embargantes a sua capacidade poética é formidábel debido à sua facilidade de sufixacion.

A maxeza lingoística do catalan, a espresividade i a afirmacion, conquiren un auto releve pra esta língoa nordourental. Ten na contra, pra sere a língoa do Canto, a pouca estension. Plurás policonsoánticos de choques bruscos. Dureza fonética e fixacion idiomatica. Máis doado à prosa que ò verso. A producion literária nesta língoa fala moi espresivamente do seu vaor prosístico.

Fican nun orde superior, pol-a sua universalidade, o galego i o castelan. Ambos dous prolongados en idiomas nacionás de outros paises. Ambos dous de moi grande riqueza de léisico. Ambos dous irmás no latin —xunto co catalan—. Mais o castelan, consecuencia da paisaxe, é récio, é duro. Aspero na pronucia i eisento de meios que o situen entre os idiomas musicabes. Fai falla pra elo liberdade, fraxilidade. Non quer dicir mutilacion. En galego pódese compòr sen logar a deformaciós. Pódese dar música à poesía, poesía à música. No castelan sò é posíbel musicar unha composicion poética. O compositor ve violada a sua obra se téima a espresar no castelan a inspiracion criadora da sua partitura. O castelan coa sua configuracion matemática non pode espresar fidelmente a idea sen menoscabo do ritmo musical. A rixidéz académica é taxante. A inmensidade de composiciós castelás atestigoan o devandito. O poeta castelan ten maor liberdade que o prosista, mais con certa restricion. O idioma da Castela non permite maor dutilidade da que ten en escaso grado. Sò o galego goza du privilexio do que carecen as demáis língoas ibéricas. Sò el pódese mover de xéito no campo das fusas e corcheas en comunion cos oitosílabos i endecasílabos. Seu poder de criacion é mañífico. O endecasílabo italian, introducido na península ibérica por Garcilaso de la Vega, é prà Castela un verso máis. O Sáfico-adónico con ritmo de gaita galega, ¿non será unha transformacion deste verso acontecida na Galicia e dimpóis adoutada pol-a língoa da Castela?:

Cantan las mozas que espadan el lino,
Cantan los mozos que van al molino.
V. Inclán.

Toda licencia poética do castelan ten cabida no galego. Mais o derradeiro vese favorescido en outo grado pol-as que lle son propias i escrusivas. Minga de procedimentos tendentes ò milloramento dos sòns. Moitedume de troques abrangue a sua estética poética. Non é a forma o que priva na lingoaxe, é o esprito. A alma non pode ter régoas fixas pra mañifestar a variedade de comprexos sentimentás. A poesía, instrumento do esprito emocioado, busca fruidéz de idioma, xeito soave, formas moles. Por eso é que o galego fuxe dos choques bruscos de vocás ou consoantes. Por eso é que o galego non ten a dureza das outras língoas ibéricas.

Entre outras licencias a poesía galega conta as seguintes: O verso agudo, findado en consoante, perde a sua aspereza ò engadírselle un **e** semimudo. O **r i o s** finás de verba convírtense diante vocal nun **l** máis eufónico. O hiato i a crasis víranse máis agradabes ò ouvido mercéi a un **n** ou un **i** eufónicos. A elision das vocás finás i o troncamento ou semitroncamento da derradéira sílaba dan maor lixereza ò verso. A indistincion nas verbas que póden findar en **an** ou en **ao.** Os plurás indistintos en **s, es** ou **is** das verbas que findan en **l** —a cal letra pérden— etc. etc.

Exempros que corrobóren estas afirmaciós temol-os dende os albono campo das fusas e corcheas en res do romance ata os nosos dias. Unha composicion de Arias Nunes, crego de Compostela, de fis do século XII, i a nosa meirande poeta lírica, a inmorrente Rosalía, século XIX, úsan do moitedume de licencias que son gala do galego:

"Por Deus, ai mia filla, fazed'a bailaba
ant'o bon'amigo, de so a milgranada."
"Bailarei eu, madre, d'aquesta vegada,
mais pero entendo de vos va ren:
De viver el pouco sodes muí pagada,
Pois me vos mandades que bail'ant'el ben."
A. Nunes.

—Tod'está negro, as sombras envolven a ve-
[reda,
E nin o ceu ten ollos, nin o pinar ten lengua.
¡Vamos! D'o que hay oculto, ¿quén mideu as
[fonduras?
¡Alma níhabrá que sepa...! ¡Ven...! A noit'está
[escura.
¿Escura...? Mais relumbra non sei qué luz trai-
[dora...
Rosalía.

Dous fragmentos distantes no tempo. Dous fragmentos que fálan da profundidade poética da língoa galega. Ambos dous manéxan todal-as madeixas do arte de compòr. O idioma galego é o meirande instrumento da lírica do canto seléito. Na península non pódese atinxir a perfeicion cultural se se menoscaba o tesóuro que rebrila na sua mañitude artística. Galicia ten de ser redimida pol-o seu idioma i o seu idioma restituirá, con moito, a grandeza esquecida. Compre òs galegos a maor parte no "affaire". Nas mas dos galegos está que esta xoia non esmoreza.

¡Non pode esmorecer o que perdura à contra de todol-os oustácuos! ¡Non debe esmorecer o que levóu às outuras que temos de reconquerir!

MANOEL PRIETO MARCOS

(Para ADIANTE) **por AVELINO DIAZ**

Aos dez anos do pasamento d-aquel grande lírico, que foi Manoel Prieto Marcos, non é sin unha perfunda emoción que eu me despoño a escrebir unhas verbas en col da sua persoalidade. A fraderna amistanza que non xungueu (mais que pol-os meus merecementos, pol-a sua bondade) deixou en min un lévedo de gratitude a él i-á sua memoria; a él, porque pasou á miña veira coa frente estrelecida, alumándome, i-ós beizos frolecidos d-armonías, aledándo o meu esprito; á sua memoria, porque foi un ser escolleito que, como tal, esparexiu ao redor a gracia i-a beleza feitas verso a música, feitas arte subrime, como obra maravelosa d-un bó Deus creador do ben.

Sempre é emocionante o falar dos seres que foron e xa non son na materialidade da vida, dos que se marcharon n-unha emigración sin esperanzas de retorno, deixándonos unha infinda tristura pol-a sua partenza, unha sensación de perda grande, como si houbésemos perdido algo de nós mismos, como se houbese fuxido de nós unha parte do noso propio ser. Prieto Marcos tiña o don de facer xermolar amistanza, benquerencia, amor fraderno; tiña en si un máxico poder pra facer inzar esas virtudes nas almas, despertas ao infruxo da sua persoa, da sua poesía e da sua música: da sua gracia, en suma. Si a esto se engade que era un galego en semellanza co esprito da Terra Nai e consustanciado con ela, a loubanza ten de xurdir doce e tenra, limpia e pura com-a luz d-unha estrela.

Tudos cantos o temos coñecido i-amado, choramos a sua morte cando aconteceu e seguimos a laiarnos da sua partenza car-ás lonxanías cósmicas, pra donde o levaron os Deuses, que tamén o amaban, alugando o seu ser inmaterial nos iñotos alcázares do além estelar. Prieto Marcos era un poeta do verso e da música; as fadas benfeitoras tíñanlle feito regalo dos seus dons con xenerosidade i-él, sin avaricia, coa mesma xenerosidade con que fora dotado, esparexía a sua riqueza lírica sobor todol-os seres, sobor todal-as cousas nobres e belidas, nobrecéndoas i-embelecéndoas mais. O seu corazón era un xoiel de armonías, unha caixa de resoancias rítmicas, unha gaiola na que gardaba enxámios de paxaros maravelosos que, logo, botaba a voar como saetas de luz, mensaxeiras do seu esprito.

El tiña recibido, ademais, o mensaxe telúrico da Terra, mensaxe que descifrou e interpretou como mui poucos o souberon facer, que traduciu en amor á patria e trasmiteu aos seus irmáns en notas e versos de fermosa feitura lírica.

Era un galego de alma e corazón, de pensamento e de sentimento, de verba e de aución; era un patriano que, coñecendo ben a alma lírica dos seus irmáns, acrecentaba o seu propio lirismo pra grandecer o patrimoño do todos. Sufría na emigración por toparse lonxe da sua amada Galiza, da que conservaba todal-as doces lembranzas da nenéz i-adolescencia. Nos seus ouvidos resoaban, como n-unha caracola máxica, as romoranzas do mar e das montañas, dos vales e das rías, dos boscos druídicos, das fontes paroleiras e dos regatos que pasan cantando unha canzón, ou marmulando unha pregalla. Estaba toda envolto en saudade e morriña, n-ese dolor espritual indefiñido que é tan caraiteristicamente noso e que soe ser, ás veces, ra) fero com-ó dolor físico.

Pro, era un "barco ancorado" que xa tan soio partiría do porto unha vez, coa proa endereitada deic-á luz dos astros. Todol-os que somos emigrantes podemos comprender aquil dolor do poeta, dolor quizabes tan fero com-ó da carne que él sufríu fondamente, porque foi un predestinado pra sufrir, sendo bon de toda bondade. Era como Francesco d-Asise, tiña a alma pura como a de un neno. Cantou seus amores, cantou aos seres queridos, cantou as suas penas, que foron muitas, i-as suas alegrías, que foron escasas. Eu non sei cal era a sua creencia relixiosa, fora da panteista que sempre aforaba n-il, pro, tiña unha resiñación tan fondamente cristiana i-un sentimento tan prefundo d-amor, deic-a todo o que o arrodiaba, que o divino Xesús estaría satisfeito de tél-o á sua beira.

Fai dez anos que se foi por un camiño sin fin, deica un pais iñorado, i-ós seres a quéns él cantou e amou, e dos que foi amado, teñen de recordal-o sempre, porque foi bon e soupo vivir en costante Eucaristía co amor nobre e puro. Era un luceiro caído das outuras pra enxoiar a terra, pro, debía voltar logo á sua órbita, na que ao chegar il, a bris enfiou nas ramalleiras astrales unha polifonía gozosa: ¡Hossanna! ¡Abenzoado sexa o que chega en nome da poesía e da música!

E, na terra, un coro de Ledairas e Nandelas (¡Ouh, a sua Nandela amada!) salaiando, retrousa ainda as notas que veñen das outuras, envolvendo en armonías o lumioso esprito do grande poeta que se chamou Manoel Prieto Marcos.

Prólogo a un Posibel Ensaio Encol das Entidades Galegas

En Buenos Aires eisisten numarosas entidades galegas, refrexo das múltiples aldeas e vilas da nosa Terra. Todas elas oustentan pomposos nomes como: Hijos del Ayuntamiento de Mourelle en Buenos Aires", "Residentes de las Parroquias Unidas del Ayuntamiento de Cainzal", etc. Nos seus estatutos fálase de cultura, axuda mutua, comprensión galaico-arxentina, melloramento social da Galiza, e de muitas outras cousas.

Mais a pesares distes longos nomes e constitucionás, estatutos, non fan ren de proveito pra a Galeguidade; porque pra os direitivos distas entidades o sentimento de Terra redúcese â aldea ou â comarca onde nasceron. E ainda eisí tampouco eisaltan ista, creando un conxunto que baile as danzas que se bailan ou bailaron na sua rexión; editando livros escritos por algún coterrán, etc. Non fan iso, salvo raras esceiciós, porque pra ises "dirixentes" fomentar a cultura limítase a ter un moble con vinte livros que recebe a nome de "Biblioteca Social", e a dar por ano dous ou tres festivás artístico-danzantes. Si se lle pode chamar "artístico" a isa grea de númaros chulos, calés y cañis", que anque todos aprausan a ninguén lles gosta.

E si se poden chamar "danzantes" ises bailos c'unha "Jazz", unha "Tipica" e un conxunto de gaitas que toca mambos, baións e ¡buguis!

Todo isto, anque está dito un pouco en broma, é serio. E mui serio. Nos doi sinceiramente que pasen istas cousas choqueiras na nosa coleitividade, e percuraremos por todol-os meios posibeles combatir istes feitos que desprestixian a nosa Terra.

Comprendemos os erros dises dirixentes porque son campesiños na sua formación. E porque nós tamen somos campesiños e temos vivido no meio ambente da Galiza asoballada, matriz de emigrantes orfos de cultura propia —galega— e sobrecarregados de instrución allea —hespañola— que non puido nen pode callar na nosa persoalidade. Ben o comprendemos e xa viran artigos adicados a estudar estes problemas.

O que non podemos comprender é ôs cultos, finos e intelituás dirixentes de entidades culturás —culturás en serio— que recoñecendo a persoadidade diferenciada da Galiza, símbolo d'unha auténtica nazonalidade, recoñecen tamén ao estado que a oprime e asoballa, nos estatutos das entidades por eles fundadas.

Como exemplo, e sin intención de ferir a ninguén vai iste artigo de mostra:

"Es finalidad de la institución dar a conocer en la Argentina la cultura y las bellezas naturales de Galicia, región española que..."

Pasa à páx. 6

Festas de Vigo

Desfile de Carros Representativos

(Para "Adiante" dende a Galiza)

Por LEIXAPREN

Mañán de Domingo moi orballada e moi galega por tanto. Diante do "casino" da cidade desfilan os carros acompañados con gaitas, traxes do pais, etc.

Primeiro Carro: Leva no chedeiro un arado román, vello, escrequenado. Representación do traballo aitual na Terra, cos procedimentos arcaicos de sempre. Naturalmente a colleita será tamén arcaica ou seña misérrima, porque a terra mal traballada non pode dar bon froito. Así está Galiza traballada con ferramentas que só deberían estar no museu do Seminario de Estudos Galegos, mais iste foi cambeado por outro con nome castelán, e xa non se preocupa da cultura viva, enxebre; e non pode dar normas de traballo, nin tan xiquera sabemos si manterá con decoro o museu que recibeu en herdo.

Segundo Carro: "A Fornada" tidoase. Non sabemos si se refire á fornada do pan ou a unha recua de rapaciños cheos de lañas, miserentos, cos traxes desfeitos e porcos acubillados en chouza que non se cai porque un albre lle sirve de muleta. O patrón fai xogo coas criaturas: cerrazón mental, dexeneración, desintegración da personalidade é o que espresa. O que leva os bois é un mozo mais semella un vello prematuro, cheo de mataduras, bebendo mal viño para esquecer a vida que é un castigo... Total: un cadro carnavalesco e tráxico, como si fose inspirado por Laxeiro. A primeira impresión é repulsiva mais logo, cando "un entende" solta unha garagallada chea de carraxe. Foi a labazada labrega aos señoritos, ao tempo que lles dice: así vivimos gracias a vos, os que gobernades. Seguro que o esprito de Lamas Carvajal voaba arredor deste símbolo. Ao pasar diante o xurado aprausos fortes no povo. Reserva nos balcóns do casino.

Terceiro Carro: Esceas da vida labrega; a casa, o hórreo: o de sempre.

O cuarto carro é "literario", ten un senso ilustrativo. O tear con todos os seus aparellos. É o antergo tear galego que non soupemos facer evolucionar ao tear mecánico. E o mesmo onde se teceron os insuperabeis panos e lenzos de Padrón que por falla de concencia galega, ao vir a industrialización, mantivemos no seu estado e foron esmorecendo porque os panos de outras terras, mais baratos e mais asequibres, pecharon quezáis pra sempre isa rama da nosa economía que agora é motivo tamén museístico. Unha serie de carteliños arredor da escea esprican, baixo os nomes galegos das cousas, o seu siñificado en castelán, porque os vilegos xa non entendemos a nosa fala e porque se pode ser universitario en Galiza sin ter a menor cultura campesiña. Así anda o choio.

Logo ven outra escea campesiña, seique son da parroquia enxebre de Santo Tomé de Freixeiro. Os veciños que tran iste carro cometeron unha grave falla de galeguidade (conscentemente ou por simpre parvada). Un carriño cativo con cuchos de raza "holandesa", brancos e mouros como cans de caza, e o tópico xa resobado do cruceiro cuia coluna, en troques de imitar a nobre pedra galega, está cuberto de graus de millo de côres loiro e roxo en tres bandas, imitando a bandeira; precisamente a bandeira baixo cuia cubertura se fan as leises mais antigalegas que endexamais se teñan concebido (a ruina do campo e a fame labrega e como consecuencia a desfeita da emigración que adequire oxe caraiteres bíblicos, pois semella a diáspora do povo xudeu). Agora os aprausos son nos balcóns...

Os premios, non é perciso decilo: O primeiro pra estes probes desleigados que lles fan carantoñas aos que mandan.

Comentarios Arredor do Colonialismo en Base ao Comunicado Final da Conferencia Afro-Asiática

Ao termiñar as deliberacions da Conferéncia Afro-Asiática, que, como é sabido, xuntouse na cidade de Bandung (Indonésia), entre o 18 e o 24 de abril pasado, deuse a coñecer un comunicado oficial no que se resumen as resolucions e acordos aprobados pol-a Asambléia, que reuníu a 29 países, moitos déles independizados nos derradeiros anos.

Temos à vista o texto do devandito comunicado final, pubricado no número de maiio de "Indonesia", boletín do Servizo de Información da República homónima, que aparece en México. E néle —parte B, ponto 2— lèmos o seguinte:

"O colonialismo suprime as culturas nazonaes. A Conferéncia Afro-Asiática tomou nota do feito de que a eisiténcia do colonialismo en moitas partes da Asia e da Africa, calesquera que sexa a sua forma, non sòmente oustaculiza a cooperación cultural, senón que suprime as culturas nazonaes dos pobos."

"Algunas potencias coloniaes teñen negado aos pobos coloniaes os seus direitos básicos en materia de educacion e cultura, o que oustaculiza o desenrolo das suas persoalidades."

"Esto resulta particularmente certo nos casos de Túnez, Arxélia e Marrocos, onde se ten suprimido ata o direito básico do pobo de estudar o seu idioma e cultura nativas."

"A Conferéncia espresou que estas políticas equivalen a negar os direitos fundamentaes do homme, oustaculizan o progreso cultural destes paises e, ademais, impiden a cooperación inteleitual sobor do plano internazonal."

E agora apriquemos à Galiza estas verbas e vede se nos se lleaxeitan doadamente. Mais razoemos.

A ideia de "nazón" ten variado moito ao traveso dos tempos. Hoxe enténdese por "nazón" a un pobo que teña un idioma próprio; unha cultura diferenciada, basada nunha tradición peculiar e nun xeito de vida particular; un territorio próprio, poboado por xentes que pertenzan ao mesmo complexo étnico. Confundir "nazón" con "esado" é un anacronismo; moi próprio ademais do século XIX. (Un 'estado" pode abranguer mais de unha "nazón", por exemplo: Bélxica; ou ao revés unha "nazón" pode estar dividida en varios "estados", por exemplo: Arábia). Pol-o tanto prescindimos da opinión das estatuas de sal.

Os galegos temos un idioma próprio, feito que consideramos indiscutibel. Os galegos temos unha cultura difirenciada basada nunha tradición moi nosa e nun xeito de vita tan particualmente noso, que xa non o discuten nen os nemigos mais encarnizados da nosa terra. A nosa diferenciación étnica é clara: se a Galiza estuvo poboada por unha maioria de raza celta e os invasores (romans, suevos, etc.) eran minorías militares ou governantes, por lóxica estas tiñan de seren ausorbidas pol-a maioria. Outros invasores que se instalasen permanentemente no noso pais non os houbo. Non crèmos na superioridade d'unha raza sobor d'outra, mais é innegabel que o xeito de vivir, pensar e obrar d'unha raza é distinto ao d'outra, e a ningunha se lle deve obrigar a renunciar à sua maneira de ser.

Daquela, a Galiza é unha nazón natural.

Este razoamento témolo feito miles de veces, e teremos que facelo ainda miles e miles de veces; pois a pesares de 100 anos de movimento rexenerador galego, de 60 de rexionalismo, de 40 de nazonalismo, o de 20 de arredismo, ainda fican por aí centos de malditos "intelectuales" encaprichados en ver o galego como variación folclórica do hespañol.

Voltemos à Conferéncia Afro-Asiática e às suas resolucions, e comparemos estas co problema do noso país:

A Nova Historia de Galiza Demostrará Definitivamente o Noso Direito a Liberdade Nazonal, Díxonos don Manuel Puente

Estamos frente a un emigrado galego que chegou á Arxentina sendo ainda rapaz e as necesidades inmediatas da vida —aos 18 anos xa é viaxante de comércio— mantéñeno alonxado da nosa vida coleitiva.

—Todos os galegos levamos dentro de nós, fondamente, o sentimento da Terra; mais é necesário, que haxa algo que veña descobrirnolo. Diante meu abreuse unha fenestra por onde entrou a lus que, paulatinamente, ía amostrandome o sentimento que levara agachado na alma. A fenesta: Castelao. A lus: o Galeguismo.

Estamos a falar con D. Manuel Puente, sentados frente a éle, na sua casa, onde nos recebe especialmente perante o noso requerimento dunha entrevista con gallo de nos enterar que escomenzaron os traballos de pubricación da tan agardade História de Galiza, por éle patrocinada. Estamos a falar de todo un pouco e a conversa vai dar —como sempre— aos probremas económicos da nosa Terra.

—O sistema cooperativo solucionará definitivamente os probremas do noso agro; e ademais percuraremos desenrolar unha industria para a esportación, que nos dará —se a história nos obriga a separarnos de vida. ... m m m cmfwyp m cm de Hespaña— un destacado nivel de vida.

—Moito se ten falado xa desta História Galega, Sr. Puente, mais, hai un ponto que se non ten tocado ata o d'agora: Cómo nasceu a ideia da pubricación dunha moderna história da Galiza?

—No 1947 chegou para dar conferencias sobor da cultura galega D. Ramón Otero Pedrayo; e co'ele —eu era membro dunha comisión especial do Centro Galego, encarregada de atendelo— fun ás mais importantes tribuas de Buenos Aires. D. Ramón é un torrente falando. Falara xa na sá do Teatro Broadway e no salón de conferéncias de "La Prensa" e perguntamoslle o tema da proisima conferencias para faguer a propaganda correspondente. "O que queiran", respóndenos; —pero, D. Ramón que ten que ser para mañán, e éle: "o que queiran, home, e agora mesmo".

Otero Pedrayo ia tecendo ademirabelmente a história da Galiza nas suas conversas, mais, como se sabe, é moito o que se perde nas conferencias, e pensei que estes homes que tanto coñecemento teñen do noso pasado non teñen direito a gardalos para sí; que debían escribilo.

Díxenllo a D. Ramón. Abrironselle os ollos e respondeume que era necesário facer algo. Durante a viaxe de volta á Terra escribeume dende o Rio de Janeiro e dende Lisboa que ía matinando encol do tema.

Xa D. Ramón na Galiza, concretaronse as condicións para a edición dunha grande história galega. Oxe, 12 inteleituaes baixo a direición de Otero Pedrayo están a compôr a nosa moderna história, que obrigará a reitificar a História de Hespaña en todo o que ten de trabucada con respeito à Galiza.

Estes homes non foron seleicionados por simpatías personaes senón por capacidade; nin o foron por simpatias políticas, porque ningún Galego é feixista; poden estar trabucados pero ningunha ideia negativa é natural néles.

Agora xa imos pubricar os dous primeiros tomos, que son a Introdución. Néles amostrase o noso pobo con todas as suas caraiterísticas, como foi e como é: etnografía, xeografía, arte, etc.

Nestes tomos dirase como pensa e como traballa e como vive este pobo; nos volumes seguintes veráse a sua história. E esta moderna história nosa demostrará definitivamente que nascimos n'unha terra con amplo dereito à libertade nazonal.

Estes dous primeiros tomos levan infinidade de gravuras e de cartas xeográficas. O importe dos clisés ascende a 150.000 pesos arxentinos e o custe total da impresión dos dous volumes ascende a mais de 700.000 pesos, sen contar os dereitos de autor. Estes dous tomos estarán listos para a venda no 1956. As suas caraiteristicas xeraes son similares às da História Universal dirixida por Walter Goetz.

Interrogamos a D. Manuel sobor de si coida que o seu exempro, ao patrociñar unha obra xigantesca, será seguido por outros galegos de recursos económicos capaces para a publicación do Dicionário ou a Enciclopédia Galega que a nosa cultura está necesitando, ou para as moitas obras que a Galiza agarda dos seus fillos.

—Eu non podo dicir que se deba seguir o meu exemplo, mais si agardo que se siga. Ao emigrarmos furtámoslle à nosa pàtria o noso esforzo e é mester devolverllo d'algún xeito. E unha obriga de homes de ben...

Estamos, de novo, a falar de todo un pouco e a conversa vai dar —tamen, como sempre— à marcha trunfal do Galeguismo en América.

—Antes érase galego facendo romarías à beira do Rio da Prata, agora, a superioridade dos galegos emigrados en todol-os ordes da vida é notabel. Non pode haver comparación algunha coa coleitividade de fai trinta anos.

Devemos sentirmonos orgulosos e eperanzados. Eu teño unha gran eperanza no meu sentimento; e síntome tranquilo pois sei que haverá continuadores. Vos, os mozos, trouxechedes unha esperanza maravillosa e xa díchedes un grande exemplo. Crèdeme que ata sindo que sodes como meus fillos...

A entrevista terminou. Xa despedindonos de D. Manuel Puente ficamos pensando en cantas obras son ainda necesarias para o afincamento cultural da nosa persoalidade, e que se non editan por falla de vontade galega nos nosos homes de folgura económica.

Nunha conferéncia de amplia resoancia mundial 29 países están acordes en que o colonialismo suprime as culturas nazonaes, oustaculiza a cooperación cultural, nega os direitos básicos en matéria de educación e suprime o direito de estudar o próprio idioma e a própria cultura. Pois ben, en todos os tempos, hoxe mais que nunca, o estado hespañol tratou de suprimir a cultura galega (todo laboura cultural non contou nunca co apoio do estado, aunque contou moitas veces coas sus trabas). O estado hespañol oustaculizou sempre a cooperación cultural de noso país, que ficou sempre pechado e illado. O estado hespañol néganos os direito básio de educación impondonos escolantes e programas alleos. O estado hespañol negounos e néganos o direito a estudar o noso idioma. Estamos à altura de calquera colonia da Asia ou da Africa.

Eso si, dividido en provincias, o noso país forma parte do Estado Español e somos cidadáns hespañoes; pero non importa, Arxélia, dividida en departamentos, forma parte da República Francesa e os arxelinos son cidadáns franceses. En amos os casos as liberdades nazonaes non eisisten. Somos colonias.

Sí, pero, ¿de quén? Culturalmente podíamis dicir de Castela, e de Andalucía tamén; mais os pobos de cultura castelâ son os donos de Hespaña; son os proprietários do Estado Hespaoñl (idioma oficial o déles, cultura a déles, etc.) pol-o tantos a Galiza é unha colonia do Estado Hespañol. A Galiza é unha colonia de "España". Lembramos a frase de Ortega e Gasset: 'España es una consecuencia de Castilla".

As nosas xentes educadas na dictadura non ven às vegadas estas cousas e para elas facemos estes razoamentos. Entendase: razoamos para a nosa xente que busca a luz e cando a atopa sabe marchar pol-o viero da dinidade galega. Non razoamos para os "intelectuales", que diria un amigo noso), pois estas persoas non entenden nunca ¡nunca!, que para a afirmación da persoalidade galega, que e o unico que pode salvar ao noso pobo, a "españolada" está de mais, sobra. Pero xa lles imos adicar un comentario para eles solos. Por hoxe, deixémolos.

Ven da páx. 4

Non, sinceiramente nós non entendemos a ises señores, que anque sexan inteletuás de fama e fagan seus aitos con grande xerarquía, non teñen incomenente ningún en negarlle â sua Terra a categoria de sua diferenciación nazonal lle fai merescer.

MOCEDADES GALEGUISTAS

ASEMBLEIA XERAL ORDINARIA

O pasado 2 de abril reaizouse, na sè da A.B.C. de Corcubión, a nosa Asembléia Xeral Ordinária, a que tivo por ouxeto considerar a laboura desenrolada pol-as Mocedades durante o período 1954-55, estudar a reforma das Bases Constitutivas e elexir o Consello Direitivo para o período 1955-56. A Memória presentada pol-o Segredário Xeral, que abrangue un exercício de moita aitividades, foi aprobada por unanimidade, escomasí tamén a reforma das Bases Constitutivas, que marca un fito no proceso de creación dun forte movimento da mocedade galega emigrada. Engadimos, a seguido, un resume da Memória e a nómina do novo Consello Direitivo.

SINTESE DA NOSA LABOURA DURANTE O PERIODO 1954-55

Xuntanzas do Ateneu: Nélas falaron Adeliña González Doval, Ramón de Valenzuela, Bieito Cupeiro e Ricardo Flores, encol de importantes temas de fonda sinificación nazonal galega.

Conferenza de Ramón Suárez Picallo: O deputado galego e membro do Consello de Galiza, residente no Chile, falou para a mocedade galega da emigración o 3 de xullo de 1954 no Centro Ourensán.

Conferenza de Víctor Luis Molinari: Encol do tema "Una experiencia poética", o xornalista e poeta arxentino Sr. Molinari, falou o 10 de setembro na sè do Centro Ourensán, arredor das cousas, os homes e o esprito da nosa Terra.

Aito en Homaxe de Pardo de Cela: Reaizouse tamén no casal dos ourensáns o dia 15 de nadal. Nese intre falou o poeta e musicólogo Emilio Pita encol do tema "Pardo de Cela e a Patria Galega", considerando o siñificado que tivo para o noso desenrolo histórico o asasiñato do Marexal Pardo de Cela.

O Noso Primeiro Aniversário: Celebrouse o 22 de agosto cun "lunch" de fraternidade e unha festa enxebre, nos que estavan presentes destacados membros da Galiza Emigrada, o Segredário do Consello de Galiza e o dirixente nazonalista bretón Sr. Mordrel.

Outras Aitividades Culturaes: Confeicioáronse distintivos metálicos coa bandeira galega e coas bandeiras arxentina e galega; semanalmente levouse a cabo o ensino de bailos típicos galegos; permanentemente desenrolaronse xuntanzas de ateneu, con caráiter didáitico, encol de problemas sociaes, culturaes, históricos e políticos da Galiza, nos que sempre se contou coa esperéncia e capacidade do irmán Bieito Cupeiro.

Mocedades de Galeuzca: Esta Comisión integrada pol-o "Grup Joventut Catalana", membros de Aición Vasca a nesa entidade, levou a cabo o 15 de maio do 1954 un festival en homaxe à Nazón Arxentina no casal da "Biblioteca General Atirgas". Mais adiante reaizou duas xuntanzas de ateneu no casal do Laurak-Bat: o 3 de decembro de 1954 discútese a proposta "Cal é o nemigo dos pobos de Galeuzca: Hespaña ou Castela?", presentada pol-o catalán Antoni Cardona; o 14 de xaneiro do 1955 o irmán Bieito Cupeiro presenta o tema "A Segunda República Hespañola frente aos problemas nazonaes da Peninsúa Ibérica".

Adhesións: Os membros das Mocedades prestaron a sua colaboración ao aniversário do "Grup Joventut Catalana", ao conxunto teatral "Lugris Freire" do Centro Coruñés, e aos aitos orgaizados pol-a Comisión Intersocietária: XVIII aniversário do Estatuto Galego, Dia dos Mártires Galegos e V cabo d'ano da morte de Castelao.

CONSELLO DIREITIVO

Segredário Xeral	**Cilistro Conles Tizado**
Segredário de Cultura	**Antón Moreda**
Segredário de Estudos	**Manuel Cordeiro Monteagudo**
Segredário de Informacións ...	**Xosé Casal Rodriguez**
Segredário de Propaganda	**Francisco Cupeiro**
Segredário de Finanzas	**Xosé Baladrón Carballo**
Segredário de Orgaización	**Emilio Adolfo Pita**

CURSOS DE IDIOMA E BAILOS GALEGOS

A cárrego do irmán Antón Santamarina Delgado escomenzaron, o 2 de xullo, os cursos elementaes de Idioma Galego, adicados especialmente à mocedade. A inscrición e as clases son libres e gratuitas, e se ditan os sábados às cinco da tarde na nosa segredaria.

Os cursos de bailos típicos galegos serán ditados pol-os irmán Adriana Pose e Xosé Casal Rodriguez os días xoves as sete e media da tarde, tamén en forma gratuita. A inscrición está aberta.

FAISCAS

AMIZADE

Os Estados Unidos de Nordeamérica foron sempre moi amigos dos gobernos reaizonarios da Hespaña. Cando valia mais "la honra sin barcos" botaronlle a escoadra ò fondo do mar. Agora que val mais "los barcos sin honra" volvenlla modernizada...

Ai, mártires de Cavite, se erguéradel-o fronte!

LIBERDADE RELIXIOSA

O artigo 6º do "Fuero de los Españoles" feito pol-o goberno franquista di que na Hespaña ninguén será molestado nas suas crènzas relixiosas. Por iso é que non deixan aituar òs Protestantes, pra que non molesten òs Católicos.

ECONOMIA

O goberno franquista non ten probremas económicos Non é esquía a mantenza. Abondan os homes. A solución é incustionabel: Espórtese carne humán a feito. Venezuela, Arxentina, Brasil, República Dominicana...

Un Irmán menos, unha ración mais.

OUCIDENTE

O goberno hespañol é anticomunista de vez. É por elo que os escolantes non ourentan òs nenos. Ouciéntanos.

DOGMAS

Comunismo, catolicismo: idem, eadem ,idem. Idénticos os seus procedimentos. O que arrédase un anaco da sua doutriña, escomúnano os primeiros; i os segondos, escomúlgano.

MARROCO

Marroco: Dous Proteitorados. Un calmo de pace, outro fervente de guerra.

Hai pace tirana que non permite a loita pol-a liberdade. Hai guerras inxustas que suprimen isas loitas.

Marroco: Dous Proteitorados. Os dous iguaes.

ANALFABETISMO

Eiqui a voce d afalanxe: "A porcentaxe de analfabetos na Nova Hespaña é moi curta. Prò 1957 non haberá analfabetos na nosa Patria'.'

¿Cómo findarán co'eles? ¿Con escolas? ¿A paus?

DISTINTIVOS COA BANDEIRA GALEGA

"A NOSA TERRA"
Edición Extraordinária adicada a CASTELAO

Números soltos da Revista "GALEUZCA"

En venda nas
MOCEDADES GALEGUISTAS
AVENIDA BELGRANO 2186

NOS, DIANTE o ESTATUTO

Cando, dempois dunha chea de trabas, postas pol-o estado hespañol, foi plebiscitado o Estatuto Galego —o día 28 de xuño do 1936— frolecía a Galiza enchida de esperanzas. Basabanse istas nas ventaxas que outiñamos co Estatuto, que, anque pequenas, eran grandes ô consideraremos que podian seren o principio dunha xeira, ô fin da cal atopariamos o tan ansiado direito a decidir o noso destiño ausolutamente nós, sen intervenciós estranxeiras. Mais istas esperanzas quixeron afogalas en sangue os que dician ser representantes da Hespaña e de Deus.

Ainda non facía un mes que o pobo galego espresara a sua vontade de governarse a si mesmo, cando milleiros de labregos e de mariñeiros morrían asesiñados. Os seus matadores eran a reaición hespañola aliada â italiâ e â alemâ. Istas forzas antidemocráticas pensaron que matando os homes tamen matavan as ideias. Mais esqueceronse de que o patriotismo dos pobos se non mata e de que as viudas dos mortos por iles —nosas nais— ían dicirnos, ôs que daquela eramos nenos, o porque da morte tráxica dos nosos pais.

Esqueceronse de que nós, anque criados nas escolas feixistas, odiariamos con mais intensidade que as vellas xeneraciós; porque aparte de seren asoballadores da nosa Terra, son tamén os asesiños dos nosos irmáns.

Oxe en dia o autonomismo xa non é unha solución pra os nosos problemas. Oxe a única solución é un estado galego independente, que nos protexa das greas reaicionarias hespañolas e nos permita vivir en paz con todol-os pobos del mundo.

En tempos pasados puido ser unha solución o federalismo. Oxe xa non nós fiamos de "federablistas" nin de federalistas; somentos nós fiaremos de nós; pois pra algo nós teñen estafado todos os governos hespoños.

Dai que o noso fin aitual sexa unha Galiza Independente, irmâ de todol-os paises do mundo, e isto, ben se comprenderá non poderemos acadalo endexamáis vivindo c'unha España decadente por natureza intolerante por vocación e asoballadora por sentimento.

Nós, a mocedade, diante o Estatuto non ollamos cara ô pasado que nós dí: Autonomía; senón para ô porvir no que lémos: Independencia.

AUDICIONS GALEGAS

GALICIA EMIGRANTE

Domingos ás 14.05 horas

por

LS 10 RADIO LIBERTAD

●

LA VOZ DE GALICIA

Luns e Xoves ás 21 horas

por

LR9 RADIO ANTARTIDA

●

SEMPRE EN GALIZA

Domingos ás 9.30 horas

por

RADIO CARVE, de MONTEVIDEO

(Por Onda Larga, entre Radio Splendid e Radio del Estado)

imprensa galega

L'EMPLOI DES LANGUES VERNACULAIRES DANS L'ENSEIGNEMENT

Ed. Unesco (París).

Este libro, que constituie o VIII tomo das Monografías sobor de educación básica, editadas pol-a Unesco, comprende un estudo encol das linguas vernáculas nos diversos continentes e o seu emprego no ensino; o informe da reunión de especialistas orgaizada pol-a Unesco no 1951, e vários traballos ilustrativos sobor dos probremas das linguas en México, Indonésia, Nova Guiné, Costa d'Ouro, Filipinas, os paises árabes e os de idiomas ugro - fineses. Engade, ademais, un ensaio de crasificación das linguas que se falan aitualmente no mundo.

Do análise destes estudos a Unesco deduce que o uso das linguas vernáculas no ensino é unha das mais imperiosas necesidades da cultura. Os escolares adeprenden moi to millor as leicións, no só de idio ma, senón de calesquera matéria cando se lles ditan os cursos na suas linguas nativas.

En moitos paises, ainda cando os idiomas nativos non teñen un desenrolo axeitado para os estudos modernos, implantase o sistema, por considerar os seus resultados outamente satisfaitórios.

E compre aplicar todo isto ao idioma galego, xa que a Hespaña franquista ten entrada na Unesco; porque o noso idioma, fillo direito do latin, é ausolutamente apto para todos os estudos modernos e é falado pol-a inmensa maioria da poboación galega da nosa Terra apesares da longa persecución oficial.

Esta monografía é, imparcial e indireitamente, unha condena universal à bárbara imposición do idioma castelán na Galiza.

PAISAXE E CULTURA

Ed. Galaxia (Vigo).

O home galego convive mais coa natura que coa sociedade. O feito de vivir en pequenos núcleos de poboación, levao inconscentemente a unha individualización marcada. D'ai a importáncia que reviste o estudo da nosa paisaxe, principalmente na sua relación coa cultura. Este fin persigue este feixe de ensaios que, co títduo de "Paisaxe e Cultura", presentanos a meritisimo Editorial Gálaxia.

ADIANTE

Voceiro das Mocedades Galeguistas de Buenos Aires

Ano II — Núm. 4

XULLO 1955

Redaizon

Avenida Belgrano 2186

Direitor

CILISTRO CONLES TIZADO

Colaboran neste número:

Avelino Díaz

"Leixapren"

A. Santamarina Delgado

Antón Moreda

Xosé S. Neira Vilas

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual Nº 497.616

Atópanse eiquí sete ensaios. Traballos de Ramón Otero Pedrayo, A. Bonet Correa, Florentino L. Cuevillas, Armando Losada, J. L. Allué Andrade, Alvaro Cunqueiro e Salvador Lorenzana, en mañifica presentación nun tomo de 176 páxinas, con cuberta e ilustracións de Xohán Ledo.

POEMAS DE ROSALIA, PONDAL E CURROS.

Ed. Monte Medulio (París).

Con estudos de Domingo García Sabell, Ramón Cabanillas e Ramón Otero Pedrayo, tense pubricado esta seleición de poemas dos tres grandes poetas galegos do XIX. Editado en París, c'unha presentación insuperabel, esta obra está presentada coa fineza e o luxo dunha obra pra... bibliófilos!

É innegabel a valor material que ten este traballo. É louvabel o esforzo das xentes que traballaron néle, pois permitirá que unha obra galega figure nas mais seleitas bibliotecas do mundo. Mais... nós perguntamonos: Néste intre que vive a cultura galega, perseguida rabiosamente pol-a intolerancia feixista, é honesto que tres grandes inteleituaes nosos adiquen seu tempo a traballar n'unha laboura de escasa trascendencia popular.

Neste intre en que na nosa Temocedade está cada dia mais desourentada pol-a laboura fatídica das forzas do mal e da opresión, é honesto que os nosos inteleituaes se adiquen a facer obras que serán gardadas nas bibliotecas dos ricos, sin proveito para o pobo por tanto?

Noste intre en que no nosa Terra é imposibel atopar obras de Curros e de moitos outros autores galegos, é honesto gastar cartos en obras que só serán aproveitadas por unha grea de burgueses inescrupulosos e de inteleituaes de dudoso patriotismo?

Non seria millor adicar eses esforzos, ese tempo e eses cartos a loitar pol-a nosa mocedade campesiña, que a fin de contas será a única que poida salvar á futura Galiza?